

Rodrigo é armado cabaleiro

Rodrigo é o único fillo dunha familia nobre. Desde pequeno estivo ao servizo dun importante señor.

Rodrigo adestrará duramente durante anos para ser armado cabaleiro nunha cerimonia moi solemne.

Ao longo da súa vida estará ao servizo do seu señor, o cal posúe un castelo e un numeroso exército.

Rodrigo deberase comportar sempre con honra, a valentía e o honor que deben caracterizar sempre un cabaleiro.

A COMO SE PREPARA RODRIGO PARA SER CABALEIRO?

Aos seis anos de idade, Rodrigo deixou o pequeno castelo dos seus pais para se trasladar á gran fortaleza do marqués de Rocamora, que o preparou para o oficio das armas.

Primeiro foi un **paxe** e aprendeu a comportarse entre nobres e damas. Aos catorce anos foi **escudeiro**, levou o escudo do señor e comezou o duro adestramento deportivo e militar baixo a supervisión dun cabaleiro (padriño).

No caso de prepararse ben e se soubo mostrar os valores dun cabaleiro, aos vinte anos será investido nunha gran cerimonia.

A cerimonia de investidura

Chegou o momento en que o mozo Rodrigo se converta en cabaleiro. O día anterior tomou un baño ritual e pasou toda a noite en vela rezando.

Chegada a hora, presentárase perante o señor, vestido coas súas mellores galas. Seguidamente, o seu padriño poñerlle unha espada sobre o ombreiro ou darlle un golpe sobre a noca mentres se lle fai entrega do seu armamento: un escudo, unha cota de malla, unha espada, unha lanza, un helmo e unhas esporas.



Cerimonia de investidura, miniatura do século XII.

O EQUIPO DO CABALEIRO

O equipo era moi custoso. Para garantir que podían mantelo, os cabaleiros debían posuír máis de 150 hectáreas de terra.



O ESCUDO DE ARMAS

Vestidos coas cotas de malla e os helmos, os cabaleiros eran moi difíciles de reconecer. Por iso, cada un posuía un escudo que o identificaba polas súas cores e debuxos.



B AS ACTIVIDADES DE CABALEIRO

A principal actividade dun cabaleiro consistía en prepararse para a guerra e o combate.

En tempo de paz debíase adestrar constantemente participando en xustas e torneos e tamén en **cazarías**.

O cabaleiro debía tratar as damas con moito respecto e amosarse humilde e fiel á súa amada. É o **amor cortés**.

A guerra

Os cabaleiros participaban nas **mesnadas** do seu señor, para defender o seu territorio, enfrontarse a outros nobres que eran rivais ou acudir á chamada do rei.

Miniatura que amosa o ataque a un castelo, século XV.



Os torneos e as xustas

Os **torneos** eran enfrontamentos con armas auténticas entre grupos de cabaleiros. As **xustas** consistían nun combate entre dous cabaleiros. A súa celebración era unha gran diversión no castelo.



No enfrontamento, un cabaleiro contabilizaba puntos cando lle tocaba ao adversario coa súa lanza no escudo ou os perdía se rompía a punta da súa lanza. A máxima puntuación adquiríase desmontando o adversario do seu cabalo.

Miniatura que representa unha xusta, século XV.

O amor cortés

O amor cortés era a forma de cortexo nobre, sincera, idealizada e cabaleiresca, que foi cantada nas poesías dos trovadores.

O cabaleiro debía comportar coa dama amada como o facía o vasallo co seu señor.



Escena de amor cortés nunha miniatura do século XIV.

Le e comprende

- Define: *investir*, *escudo*, *heráldica*, *defensivo* e *ofensivo*.
- Que era a cabalaría? Que función tiña na sociedade? Que virtudes debía ter un cabaleiro?

Observa e interpreta

- Que eran as xustas e os torneos? Quen participaba? Relata unha crónica imaxinando como se desenvolveu o torneo da imaxe.
- Que era o amor cortés? Como está representado na imaxe?

Ponte no seu lugar

- Imaxina que es Rodrigo e acabas de ser investido cabaleiro:
 - Que razóns te impulsaron a ser cabaleiro? Explica que adestramento seguiches para prepararte.
 - Explica como se desenvolveu a cerimonia na que fuches investido cabaleiro e como te tiveches que preparar para ela.
 - Debuxa un escudo de armas que te identifique en combates e torneos e xustifica que simbolismo lles outorgas aos elementos do teu escudo.

SOLUCIÓN RODRIGO É ARMADO CABALEIRO

..1..qué armamento formaba parte do equipo de Cabaleiro?

..a cota de malla,o Helmo,escudo,lanza,escudo ,esporas,protección para o cabalo

..2..qué función tiña cada unha das pezas?.cales eran defensivas e cales ofensivas?

..cota de malla: protexer o corpo das lanzasfunción **defensiva**

..helmo.....:protexer a cabeza dos golpes e caídasfunción **defensiva**

..escudo.....:protexer das frechas e lanzas e embestir,golpear ,empurrar.....función **defensiva e ofensiva**

..lanza.....:embestir,atacar ao opoñentefunción **ofensiva**

..esporas.....:azuzar ao cabalo para o galope e golpear ao inimigo ,dar patadasfunción **ofensiva**

..protección para o cabalo:protexer os flancos do cabalo dos ataques dos inimigosfunción **defensiva**

..3..definir:

..investir.....: outorgar mediante unha cerimonia un título ou cargo ,é coma un NOMEA mentó
..escudo.....:elemento defensivo e ofensivo dun Cabaleiro,tamén distingue os símbolos heráldicos da familia ou linaxe á que pertence ,no campo de batalla ,o escudo estaba grabado cos símbolos da familia para distingui-lo doutros Cabaleiro sino campo de batalla
..heráldica.....:ámbito ou disciplina da historia que estuda a ORIXE e evolución dos escudos das diferentes familias
..defensivo.....:que serve para defenderse
..ofensivo.....:que serve para atacar

..4..qué era a cabaleiría ?

..era un corpo especializado ,era a élite dos guerreiros medievais,formado por caballeros pertencentes ao estamento PRIVILEXIADO e procedentes de familias nobres ,iniciaban o seu adestramento primeiro coma pazes e logo coma escudeiros .

..a cabaleiría tiña normas e leis moi precisas e estaban sempre baixo elas..

..facían torneos e xustas e participaban nas mesnadas do señor

..5....qué eran as xustas e os torneos? Quen participaba?

..os **torneos** eran ENFRONTAMENTOS con armas auténticas entre grupos de Cabaleiro

..as **xustas** eran combates entre dous cavaleiros

Participaban os caballeros .

..6..qué era o amor cortés?cómo está representado na IMAXE<

..era a forma de xo dun nobre a unha dama ,idealizada na figura dun Cabaleiro a unha dama

..na IMAXE temos idealizado a unha Muller nunha torre e ésta está recibiendo os galanteos dun Cabaleiro,a torre está á mesma altura qíue o Cabaleiro,é símbolo de éste pode con todo e mais .

..7..imagina que es Rodrigo e cabás de ser investido Cabaleiro:

..qué razón te impulsaron a ser Cabaleiro?..pois que así pertencí a un corpo de élite ,teño poder e namoro damas ,tamén aumento o prestígio da miña familia

..explica qué adestramento seguí ges para prepararte<.pois entrei na casa do señor aos trece anos ,primeiro coma praxe e logo coma escudeiro para aprender a arte de ser Cabaleiro ,práctico tódolos días cun pelele e tamén cos meus COMPAÑEÍROS ,tiña que correr ca armadura etc..

..explica como se desenvolveu a cerimonia na que fíches investido Cabaleiro :...a véspera de ser investido Cabaleiro tomou un baño ritual e pasou a noite velando a armadura ;ao día seguinte presentase diante do señor vestido coas mellores galas ,seguidamente o seu padriño ponle unha espada sobre o ombreira ou dalle un golpe na nuca mentras se lle fai entrega do seu armamento :un escudo,unha cota de malla ,unha espada .unha lanza ,un Helmo e unhas esporas